
PREGO DE PRESCRICIÓN
TÉCNICAS PARTICULARES

ÍNDICE

1.	XUSTIFICACIÓN E OBXECTO	1
2.	NORMATIVA.....	2
3.	DURACIÓN DO CONTRATO E VALOR ESTIMADO.....	5
4.	ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS.....	6
5.	EXECUCIÓN DO CONTRATO.....	8
5.1.	CONDICIÓNS XERAIS	8
5.1.	CALIDADE DO SERVIZO	8
5.2.	ATENCIÓN AO CLIENTE	9
5.3.	EQUIPOS DE MEDIDA	10
5.4.	FACTURACIÓN DAS SUBMINISTRACIÓNS	10
5.5.	MODIFICACIÓNS DO CONTRATO.....	14
6.	PRESENTACIÓN DE OFERTAS.....	15
7.	CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO	18
	ANEXO I: MODELO DE OFERTA	21
	ANEXO II: LISTADO DE SUBMINISTRACIÓNS	22

1. XUSTIFICACIÓN E OBXECTO

A presentación de diferentes servizos esenciais aos Concellos de Campo Lameiro, Portas e Moraña require da subministración regular e garantida de enerxía eléctrica. Dada a liberación do sector enerxético é necesario, mediando concorrencia, a contratación expresa con empresa comercializadora.

Os Concellos de Campo Lameiro, Portas e Moraña constitúense en agrupación e optan pola fórmula de contratar conxuntamente a adquisición de enerxía e o acceso a redes con adxudicatario. En consecuencia, o contrato inclúe tanto a adquisición de enerxía eléctrica, a prestación de servizos co adxudicatario e o acceso a redes con distribuidor a través da empresa adxudicataria.

O obxectivo do presente documento é definir o alcance e condicións técnicas da subministración de enerxía eléctrica conxunta aos puntos de consumo dos Concellos de Campo Lameiro, Portas e Moraña, así como dos novos puntos de subministración que resulten durante a vixencia do contrato ao amparo da lexislación do sector eléctrico e demais normativa vixente.

Analizadas as necesidades e capacidades, selecciónase como a máis óptima a modalidade de contratación de prezo indexado a OMIE pass-through para o prezo da enerxía, mentres que o prezo da potencia contratada será o determinado pola normativa vixente.

O presente contrato réxese pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en adiante LCSP, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

O obxecto do contrato non se divide en lotes e o Código CPV aplicable é o seguinte:

- 09310000 Electricidade

As empresas licitadoras deben estar habilitadas como Comercializadoras de Enerxía Eléctrica, acorde á Lei do Sector Eléctrico e o RD 1955/2000 polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de enerxía eléctrica.

2. NORMATIVA

Serán de aplicación a este contrato os requisitos legais impostos, entre outros, polas leis reguladoras do sector eléctrico, amosándose a continuación as normas aplicables sen prexuízo de futuras normas ou modificacións que serán de aplicación durante a vixencia do contrato:

- *Lei 54/1997, de 27 de novembro, do Sector Eléctrico, pola que se establece a definición de peaxe correspondente tanto a redes de transporte como ás de distribución.*
- *Lei 17/2007, de 4 de xullo, pola que se modifica a Lei 54/1997, de 27 de novembro, do sector eléctrico, para adaptala ao disposto na Directiva 2003/54/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade.*
- *Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.*
- *Real Decreto 2019/1997, de 26 de decembro polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía Eléctrica.*
- *Real Decreto-Lei 6/2000, de 23 de xuño, de medidas urxentes, no que se establece que a partir de 1 de xaneiro de 2003, todos os consumidores de enerxía eléctrica terán a consideración de consumidores cualificados.*
- *Real Decreto 1955/2000 de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.*
- *Real Decreto 1164/2001, de 26 de outubro, polo que se establece unha estrutura simple, para facilitar a aplicación das tarifas de acceso e, polo tanto, a posibilidade de exercer a condición de cualificados aos novos clientes de alta tensión cuxo consumo anual é inferior a 1 GWh e que se incorporaron a partir do 1 de xullo del 2000 .*
- *Directivas 2001/77/CE e 2004/08/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativas á promoción da electricidade xerada a partir de enerxías renovables.*
- *Real Decreto 1435/2002, de 27 de decembro polo que se regulan as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso a redes en baixa tensión.*

Prego de Prescricións Técnicas Particulares

- *Real Decreto 1454/2005, de 2 de decembro, polo que se modifican determinadas disposicións relativas ao sector eléctrico.*
- *Real Decreto 1634/2006, de 29 de decembro polo que se establece a tarifa eléctrica a partir de 1 de xaneiro de 2007.*
- *Real Decreto 1110/2007, de 24 de agosto polo que se aproba o Regulamento Unificado de Puntos de Medida do sistema eléctrico.*
- *Real Decreto 222/2008, de 15 de febreiro, polo que se establece o réxime retributivo da actividade de distribución de enerxía eléctrica.*
- *Real Decreto 1011/2009, de 19 de xuño, polo que se regula a Oficina de Cambios de Subministrador.*
- *Real Decreto 198/2010, de 26 de febreiro, polo que se adaptan determinadas disposicións relativas ao sector eléctrico ao disposto na Lei 25/2009, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*
- *Real Decreto 1718/2012, de 28 de decembro polo que se determina o procedemento para realizar a lectura e facturación das subministracións de enerxía en baixa tensión con potencia contratada non superior a 15kW.*
- *Real Decreto 1048/2013, de 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica.*
- *Real Decreto 469/2016, de 18 de novembro, polo que se modifica o Real Decreto 216/2014, de 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación.*
- *Orde ECO/797/2002, de 22 de marzo, pola que se aproba o procedemento de medida e control de continuidade da subministración eléctrica.*
- *Orde ITC/1522/2007 de 24 de maio pola que se establece a regulación da garantía de orixe da electricidade procedente de fontes de enerxía renovable e coxeración de alta eficiencia.*
- *Orde ITC/3860/2007, de 28 de decembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir del 1 de xaneiro de 2008.*

Prego de Prescricións Técnicas Particulares

- *Circular 1/2008, de 7 de febreiro, da Comisión Nacional de Enerxía, de información ao consumidor sobre a orixe da electricidade consumida e o seu impacto sobre o medio ambiente.*
- *Orde ITC/3801/2008 de 26 de decembro pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir del 1 de xaneiro de 2009.*
- *Real Decreto-lei 6/2009, de 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social.*
- *Circular 3/2014 da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, pola que se establece a metodoloxía e o cálculo das peaxes de transporte e distribución da electricidade.*
- *Resolución do 23 de maio de 2014, pola que se establece o contido mínimo e o modelo de factura eléctrica.*
- *Orde TEC/1366/2018, de 20 de decembro, pola que se establecen as peaxes de acceso de enerxía eléctrica para 2019.*
- *Orde TEC/1258/2019, de 20 de decembro, pola que se establecen diversos custos regulados do sistema eléctrico para o exercicio 2020 e se prorrogan as peaxes de acceso de enerxía eléctrica a partir do 1 de xaneiro de 2020.*
- *Orde IET/931/2015, de 20 de maio, pola que se modifica a Orde ITC/1522/2007, de 24 de maio, pola que se establece a regulación da garantía da orixe da electricidade procedente de fontes de enerxía renovables e de coxeración de alta eficiencia.*
- *Real Decreto-Lei 15/2018, de 5 de outubro, de Medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores e modificacións posteriores (BOE 6/10/18).*
- *Circular 3/2020, de 15 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, pola que se establece a metodoloxía para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade.*
- *Resolución de 18 de marzo de 2021, da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, pola que se establecen os valores das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de electricidade de aplicación a partir do 1 de xuño de 2021.*

Prego de Prescricións Técnicas Particulares

- Orde TED/371/2021, de 19 de abril, pola que se establecen os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagos por capacidade que resultan de aplicación a partir do 1 de xuño de 2021.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), no que non se opoña á anterior.

3. DURACIÓN DO CONTRATO E VALOR ESTIMADO

A duración do contrato será de **UN (1) ANO** sen opción a prórrogas, comezando o seu cómputo a partir da sinatura do contrato se non se produce un cambio de empresa comercializadora. Se, polo contrario, se produce un cambio de comercializadora, a adxudicataria terá que solicitar para cada punto de subministración a adhesión ao contrato de forma inmediata tras a firma deste, e a finalización do contrato producirase un ano despois da data en que a adxudicataria notifique á agrupación dos Concellos de Campo Lameiro, Portas e Moraña, en diante referida simplemente como a Agrupación, a conclusión do proceso de cambio de comercializadora para tódalas subministracións, sendo a data de fin do contrato idéntica para todos. Para dito proceso, a adxudicataria disporá dun prazo máximo de tres meses dende a firma do contrato. En todas aquelas subministracións nas que, transcorridos estes tres meses, non se producira o cambio de comercializadora, a Agrupación resérvase o dereito a reclamar a adxudicataria o sobrecusto ocasionado.

A previsión do gasto económico para o ano de duración de esta subministración é a mostrada no seguinte cadro:

Bloque	Importe sen impostos	Imposto eléctrico	Presuposto base de licitación	IVE	Total
Bloque 1	243.449,06 €	1.217,25 €	244.666,31 €	12.233,32 €	256.899,63 €
Bloque 2	40.429,56 €	202,15 €	40.631,71 €	8.532,66 €	49.164,37 €

Prego de Prescricións Técnicas Particulares

Bloque	Importe sen impostos	Imposto eléctrico	Presuposto base de licitación	IVE	Total
Bloque 3	222.730,13 €	1.113,65 €	223.843,78 €	47.007,19 €	270.850,97 €
Total	506.608,76 €	2.533,04 €	509.141,80 €	67.773,17 €	576.914,97 €

O valor estimado do contrato mostrase na seguinte táboa, para o cal se está estimando un posible incremento do 10% do volume de facturación debido a novas altas, segundo o descrito neste documento.

Bloque	Presuposto base de licitación do contrato	Posible incremento do 10% do volume de facturación	Importe total valor estimado	IVE	Total importe valor estimado IVE incluído
Bloque 1	244.666,31 €	24.466,63 €	269.132,94 €	13.456,65 €	282.589,59 €
Bloque 2	40.631,71 €	4.063,17 €	44.694,88 €	9.385,93 €	54.080,81 €
Bloque 3	223.843,78 €	22.384,38 €	246.228,16 €	51.707,91 €	297.936,07 €
Total	509.141,80 €	50.914,18 €	560.055,98 €	74.550,49 €	634.606,46 €

4. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS

As subministracións obxecto de contratación divídense en tres bloques á fin de facilitar a elaboración da oferta polos licitadores. Amósanse a continuación os parámetros máis relevantes de cada bloque:

- Bloque 1

Tensión	Nº de subministracións	Tarifa	Rango de potencia a contratar	Consumo total (kWh)
V < 1kV Baixa tensión	161	2.0 TD	P ≤ 10kW	1.228.540

Prego de Prescrici3ns T3cnicas Particulares

Potencia total a contratar Punta (kW)	Potencia total a contratar Val (kW)	Consumo anual estimado P1 Punta (kWh)	Consumo anual estimado P2 Ch3 (kWh)	Consumo anual estimado P3 Val (kWh)
650,883	650,883	184.380,39	210.901,05	833.259,03

- Bloque 2

Tensi3n	N3 de subministraci3ns	Tarifa	Rango de potencia a contratar	Consumo total (kWh)
V < 1kV Baixa tensi3n	10	2.0 TD	10kW < P P ≤ 15kW	146.635

Potencia total a contratar Punta (kW)	Potencia total a contratar Val (kW)	Consumo anual estimado P1 Punta (kWh)	Consumo anual estimado P2 Ch3 (kWh)	Consumo anual estimado P3 Val (kWh)
122,656	122,656	32.920,85	29.286,44	84.427,99

- Bloque 3

Tensi3n	N3 de subministraci3ns	Tarifa	Rango de potencia a contratar	Consumo total (kWh)
V < 1kV Baixa tensi3n	16	3.0 TD	P > 15kW	726.659

Potencia total a contratar P1 (kW)	Potencia total a contratar P2 (kW)	Potencia total a contratar P3 (kW)	Potencia total a contratar P4 (kW)	Potencia total a contratar P5 (kW)	Potencia total a contratar P6 (kW)
381,897	394,287	394,287	394,287	394,287	420,247

Consumo anual estimado P1 (kWh)	Consumo anual estimado P2 (kWh)	Consumo anual estimado P3 (kWh)	Consumo anual estimado P4 (kWh)	Consumo anual estimado P5 (kWh)	Consumo anual estimado P6 (kWh)
51.206,89	158.618,80	60.816,55	73.767,26	30.433,93	351.815,41

As características e consumos estimados de cada un dos puntos de subministración que se contratan especificanse de maneira individual no anexo II deste prego.

5. EXECUCIÓN DO CONTRATO

5.1. CONDICIÓN XERAIS

A empresa adxudicataria comprométese a realizar, no nome dos Concellos de Campo Lameiro, Portas e Moraña, os contratos e pólizas de acceso a rede con cada empresa eléctrica distribuidora. En ditos contratos especificarase que a empresa comercializadora adxudicataria é a única responsable do pago das tarifas de acceso ao distribuidor.

O adxudicatario deberá informar á Agrupación e a quen determinen o Concellos de Campo Lameiro, Portas e Moraña, no caso de cambio de comercializadora, da data na cal se produce cada activación nos puntos de subministración vinculados ao contrato coa comercializadora adxudicataria, a fin de determinar a data de fin de contrato conforme ao disposto neste documento.

En caso de discrepancia entre a información referente aos puntos de subministración que obre en poder das compañías distribuidoras, en canto a potencia e tarifa de acceso contratadas, e a información facilitada no anexo de *Listado de subministracións* deste prego, aceptarase a información das compañías distribuidoras aos efectos oportunos para o eventual cambio de comercializador unha vez entre en vixencia o contrato, informando o adxudicatario detalladamente a Agrupación das discrepancias detectadas a fin de non retrasar o proceso de cambio de comercializadora.

5.1. CALIDADE DO SERVIZO

A enerxía eléctrica obxecto do presente contrato, deberá ser subministrada cos índices de calidade mínimos que determina a Administración Xeral do Estado en cada área xeográfica, todo elo segundo especifica o artigo 48 “Calidade da

Subministración Eléctrica” da Lei 54/1997 ou lexislación que a substitúa, así como os índices individuais de calidade que regulamentariamente se establezan.

A empresa distribuidora é a responsable dos niveis de calidade individual de cada subministración segundo o establecido na lexislación vixente pola que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de enerxía eléctrica.

A empresa adxudicataria velará pola calidade da subministración prestada polas distribuidoras debendo resolver as incidencias que puideran producirse e asegurando o cumprimento do Capítulo II da Lei 54/1997, 17/2007 do Sector Eléctrico, así como calquera lexislación que a substitúa.

No suposto de non alcanzar os índices de calidade e continuidade regulamentarios imporanse as penalizacións que se consideren oportunas, de acordo sempre co previsto na LCSP.

A empresa comercializadora adxudicataria, como asinante do acceso a rede de distribución, actuará fronte á distribuidora ante calquera incidencia ou incumprimento que se produza en relación á calidade do servizo. Os descontos regulamentarios que se apliquen polos incumprimentos serán trasladados á facturación das subministracións.

A empresa adxudicataria comprométese a cumprir con establecido na normativa, en materia de calidade na atención ao cliente e a colaborar con el en cantas reclamacións sexan necesarias ante a compañía distribuidora, en caso de detectarse incumprimentos nos parámetros de continuidade da subministración (número e duración das interrupcións) e calidade relativa aos valores de tensión (máximos, mínimos, frecuencia, etc.).

5.2. ATENCIÓN AO CLIENTE

A empresa adxudicataria deberá dispor de medios de atención persoal para resolver as cuestións ou incidencias que expoñan tanto á Agrupación como de maneira individual os Concellos de Campo Lameiro, Portas e Moraña.

Prego de Prescricións Técnicas Particulares

A empresa adxudicataria disporá dunha canle de comunicación permanente que garanta a adecuada atención, información e resolución das posibles incidencias relacionadas con subministración eléctrica.

A empresa adxudicataria designará un xestor único con funcións de coordinación, asistencia e asesoramento en materia de contratación, facturación, calidade da subministración e demais aspectos, que realizará as xestións de cambios de potencia, tarifa e novas altas e baixas.

A empresa adxudicataria deberá dispor dunha plataforma para poder acceder vía Internet a información sobre contratos e facturación.

En particular, proporcionará un acceso, vía internet, no que porá a disposición da Agrupación e da/s persoa/s que designen os Concellos de Campo Lameiro, Portas e Moraña toda a información dispoñible para optimizar a xestión da subministración eléctrica (consumo total e por períodos horarios de enerxía activa e reactiva, excesos de potencia, facturación) e en particular, nos casos en que sexa posible, as curvas de carga de potencias cuarto horarios activas ou as lecturas do maxímetro de potencia e as curvas de carga de consumos horarios de enerxía activa e de reactiva.

5.3. EQUIPOS DE MEDIDA

A empresa adxudicataria será a responsable da supervisión e validación das lecturas mensuais dos rexistros horarios de consumo realizadas pola empresa distribuidora, segundo RD 1955/2000 de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e resto de normativa ao respecto.

5.4. FACTURACIÓN DAS SUBMINISTRACIÓNS

A comercializadora adxudicataria emitirá, coa periodicidade que corresponda segundo a lexislación vixente, facturación de cada un dos puntos de subministración contratados, que deberá ser presentada telematicamente a través do Portal do Proveedor ou dende a Sede Electrónica nas páxinas web dos Concellos de Campo Lameiro, Portas e Moraña; todo elo de conformidade coa Orde PRE/2971/2007, de

Prego de Prescricións Técnicas Particulares

5 de outubro, sobre a expedición de facturas por medios electrónicos cando o seu destinatario sexa a Administración Xeral do Estado ou os seus organismos públicos vinculados ou dependentes de aquela e sobre a presentación ante a Administración Xeral do Estado ou organismos públicos vinculados ou dependentes de facturas expedidas entre particulares.

As facturas deberán incluír suficiente documentación para identificar:

- Datos do titular do contrato.
- Datos de identificación da subministración.
- Data fin contrato.
- Tarifa de acceso.
- Potencias contratadas.
- Número – Código de factura.
- Data de emisión de factura.
- Data de inicio e fin das lecturas de facturación.
- Lecturas de contadores de enerxía activa.
- Lecturas de contadores de enerxía reactiva, se procede.
- Lecturas de maxímetro, se procede.
- Termo de potencia.
- Termo de enerxía.
- Excesos de potencia, se proceden.
- Cargo por enerxía reactiva, se procede.
- Outros conceptos.
- Aluguer do equipo de medida, se procede.
- Imposto eléctrico.
- IVE.
- Importe total (€).

O importe do termo de potencia liquidarase en base ao prezo determinado pola normativa vixente en cada momento.

O importe do termo de enerxía liquidarase en base ao prezo indexado a OMIE pass-through. Esta modalidade implica a repercusión dos custos reais de adquisición da enerxía por parte do licitador mais os honorarios do mesmo.

Prezo de Prescricións Técnicas Particulares

O prezo horario da enerxía construírse (de forma xenérica) a partir da seguinte fórmula:

$$\text{Prezo enerxía (€/kWh)} = (\text{OMIEh} + \text{RRTTh} + \text{POSh} + \text{PCh} + \text{ROMh} + \text{ROSh} + \text{INTTh} + \text{NBCh}) \times (1 + \text{Ph}) \times 1,015 + \text{ATR Enerxía} + \text{NPFh} + \text{CXh}$$

Onde:

- OMIE: custo horario de adquisición da enerxía eléctrica no mercado maiorista de produción OMIE. No caso dos sistemas insulares ou extrapeninsulares (SEIE) aplicarase o custo horario que corresponda a cada subsistema, en €/kWh.
- RRTT: custo horario das Restricións Técnicas do Sistema de aplicación a comercializadores libres e consumidores directos a mercado.
- POS: custo horario dos Procesos do Operador do Sistema de aplicación a comercializadores libre e consumidores directos a mercado.
- PC: Pagos por Capacidade vixentes en cada momento para a tarifa de acceso que corresponda.
- ROM: Remuneración do Operador do Mercado vixente en cada momento.
- ROS: Remuneración do Operador do Sistema vixente en cada momento.
- INT: custo asociado a repercusión do custo do servizo de xestión da demanda de interrumpibilidade vixente en cada momento.
- P: Perdas de Rede, segundo se establezan na regulación vixente.
- ATR Enerxía: termo de enerxía das tarifas de Acceso de Terceiros á Rede vixentes en cada momento para a tarifa de acceso que corresponda.
- NBC: calquera concepto de nova creación que poida establecerse de aplicación ao consumo en barras de central (antes da incorporación das Perdas de Rede), entre outros posibles o correspondente ao mecanismo de axuste do Real Decreto Lei 10/2022, o “tope do gas”, cando este sexa de aplicación.
- NPF: calquera concepto de nova creación que poida establecerse de aplicación ao consumo medido en contador ou punto de fronteira (despois da incorporación das Perdas de Rede).
- CX: honorarios do licitador que poderán incluír, con carácter enunciativo e non limitativo, a marxe comercial, o custo horario dos desvíos, pola

Prego de Prescricións Técnicas Particulares

diferencia entre a previsión de consumo considerada polo licitador e o consumo efectivo do punto de subministración, calquera custo de operación e xestión do contrato, calquera tipo de prima de risco, os custos financeiros derivados do contrato ou calquera custo destinado ao fomento da eficiencia enerxética.

O Prezo da Enerxía non incluírá o Imposto Eléctrico nin o IVE.

Será obxecto de licitación o concepto CX (Custos de Xestión), que terá o mesmo valor para todas as subministracións de cada bloque en todos os períodos tarifarios. CX manterase invariable durante toda a vixencia do contrato, e para este distínguense os seguintes casos, cun valor para cada un dos bloques do contrato, que o licitador deberá establecer na súa oferta:

- Bloque 1: Puntos de subministración en baixa tensión con potencia contratada igual ou inferior a 10 kW – valor CX1.
- Bloque 2: Puntos de subministración en baixa tensión con potencia contratada superior a 10 kW e inferior ou igual a 15 kW – valor CX2.
- Bloque 3: Puntos de subministración en baixa tensión con potencia contratada superior a 15 kW – valor CX3.

Para o resto de conceptos incluídos na formula de construción do Prezo da Enerxía, liquidarase en cada hora o valor que corresponda, trasladándose de forma automática calquera variación que se produza durante a vixencia do contrato.

En particular o custo do mecanismo de axuste do Real Decreto Lei 10/2022, o “tope de gas”, en vigor dende o 15/06/2022 dará lugar á incorporación de dito concepto á facturación correspondente, que se calculará segundo o disposto na normativa de aplicación en cada momento.

Engadirase, indicado de forma separada na propia factura, o custo regulado asociado ao mecanismo de financiación do bono social.

Incorporarase de forma automática á factura calquera novo concepto que poida establecerse coa entrada en vigor do anteproxecto de lei do Fondo Nacional para a Sustentabilidade do Sistema Eléctrico (FNSSE) ou calquera outra normativa que estableza novos conceptos na factura.

Prego de Prescricións Técnicas Particulares

Os excesos de potencia e penalizacións por consumo de enerxía reactiva calcularanse e repercutirán segundo o establecido na regulamentación vixente.

O importe correspondente ao gasto anual de aluguer de equipos e outros custos normalizados para actuación sobre estes, como custos de acometida, extensión, enganche ou verificación serán repercutidos conforme á lexislación vixente en cada momento durante a duración do contrato.

Trasladarase de forma automática ás facturas as actualizacións do tipo de imposto sobre a electricidade ou do IVE.

Será de obrigado cumprimento que o adxudicatario inclúa no servizo prestado a posta a disposición da Agrupación dun ficheiro electrónico, en formato folla de cálculo Excel ou compatible, coa información de todas e cada unha das facturas emitidas a esta entidade, por calquera concepto. O ficheiro presentará o máximo nivel de desglose, incorporando todos e cada un dos campos ou rexistros que compoñen cada factura e definidos neste apartado.

5.5. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Os datos de consumo incluídos neste prego e nos seus anexos constitúen unha estimación en base aos datos de consumo do ano 2022, de modo que no suposto de que o consumo real que se produza sexa superior a dita estimación, poderá procederse á ampliación do límite máximo de gasto fixado para este contrato.

Durante a vixencia do contrato, os adxudicatarios tramitarán ante as compañías distribuidoras de cada subministración as modificacións de potencia contratada e tarifa de acceso solicitadas polos Concellos de Campo Lameiro, Portas e Moraña en cada momento. Ao realizarse estes cambios ditas subministracións asumirán as condicións do bloque tarifario no que queden encadrados a efectos de aplicación do concepto de custos de xestión CX.

En ditas tramitacións respectaranse os prazos establecidos na lexislación vixente, salvo que dito prazo non poida cumprirse por retrasos atribuíbles aos Concellos de Campo Lameiro, Portas e Moraña.

Estas modificacións de potencia e tarifa contratada non suporán un cambio na data de fin de contrato das subministracións nas que se realicen.

Así mesmo, durante a vixencia do contrato os Concellos de Campo Lameiro, Portas e Moraña resérvanse o dereito a realizar altas por novas instalacións, en cuxo caso o adxudicatario deberá dar subministración eléctrica a estas, de acordo ás mesmas condicións formalizadas neste proceso de contratación, asumindo os novos puntos de subministración adheridos ao contrato idénticas condicións que os puntos de subministración contemplados inicialmente. A data de fin de contrato para estas novas altas coincidirá tamén coa do resto dos subministracións contratados.

As altas de novas subministracións e os cambios de tarifas e potencia non requirirán da tramitación dun expediente de modificado.

Nos casos nos que se produzan baixas de subministración, por peche, traslado ou outro, non se pagarán as facturacións destes a partir da data de baixa.

O balance total de altas e baixas realizadas durante a duración do contrato non suporá unha alteración de mais do 10% do volume total a facturar estimado neste prego.

6. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

A proposición económica axustarase inescusablemente ao modelo que figura anexo ao presente documento.

Esta oferta calcularase en base aos consumos anuais estimados indicados no anexo de *Listado de subministracións* e ao valor dos parámetros CXi ofertados por cada licitados e que deben cumprir as seguintes condicións:

- O factor ofertado polo licitador CXi (Custos de Xestión) facilitarase en €/kWh cunha precisión de 6 decimais.
- Todas as subministracións de cada bloque terán idéntico factor CXi.
- A efectos de cálculo da oferta considerarase un imposto eléctrico dun tipo do 0,5%, independentemente a que durante o período de vixencia do contrato se produza algunha variación normativa deste, variación que en todo caso aplicaríase de forma automática ao contrato.

Prego de Prescripciones Técnicas Particulares

- A efectos de cálculo da oferta considerarase un IVE reducido (5%) para o Bloque 1 e IVE (21%) para os Bloques 2 e 3, independentemente a que durante o período de vixencia do contrato se produza algunha variación normativa destes, variación que en todo caso aplicaríase de forma automática ao contrato.

A oferta que presente cada licitador deberá ser calculada como se indica a continuación. Para facilitar a composición desta oferta darase acceso ao licitador a unha táboa de cálculo coa formulación que se indica a continuación, e na que será suficiente con que se introduzan os valores de CXi ofertados para cada bloque:

$$bSli = [bi + EnTi \times CXi]$$

$$IEbi = bSli \times TIEi / 100$$

$$BIVEbi = bSli + IEbi$$

$$IVEbi = BIVEbi \times TIVEi / 100$$

$$OFSI = \sum i (bSli)$$

$$IE = \sum i (IEbi)$$

$$BIVE = \sum i (BIVEbi)$$

$$IVE = \sum i (IVEbi)$$

$$OF = BIVE + IVE$$

Onde:

- bSli : é o importe total do Bloque i sen impostos.
- bi : é o importe total do Bloque i, que ven fixado segundo a seguinte táboa.
- EnTi : é a enerxía total estimada do Bloque i, que ven fixada segundo a seguinte táboa.
- CXi : é o parámetro que debe ofertar cada licitador para cada Bloque i.
- IEbi : é a contía do imposto eléctrico para cada Bloque i.

Prego de Prescricións Técnicas Particulares

- TIEi : é o tipo do imposto eléctrico, que ven fixado, a efectos de composición da oferta, segundo a seguinte táboa, e que poderá variar durante a vixencia do contrato segundo as novas disposicións normativas que se poidan publicar.
- BIVEbi : é o importe antes de aplicar o IVE para o Bloque i.
- IVEbi : é o importe que corresponde ao IVE para o Bloque i.
- TIVEi : é o tipo de IVE, que ven fixado, a efectos de composición da oferta, segundo a seguinte táboa, e que poderá variar durante a vixencia do contrato segundo as novas disposicións normativas que se poidan publicar.
- OFSI : é a contía total da oferta sen impostos.
- IE : é a contía total do imposto eléctrico.
- BIVE: é a contía total do importe base da licitación.
- IVE: é a contía total do IVE.
- OF: é a contía total da oferta IVE incluído.

	TIEi	TIVEi	bi	EnTi
Bloque 1	0,5%	5%	231.163,66 €	1.228.540 kWh
Bloque 2	0,5%	21%	38.963,21 €	146.635 kWh
Bloque 3	0,5%	21%	215.463,54 €	726.659 kWh

Entenderase que o importe ofertado é o total, incluídos todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento das prestacións contratadas, como son os xerais, financeiros, benéficos, seguros, transportes e desprazamento, honorarios de persoal técnico ao seu cargo, de comprobación e ensaio, repercusión da tarifa de acceso, taxas e todas as clases de tributos non expresamente repercutibles como partida independente.

Todas as ofertas deberán indicar, como partida independente, o importe do Imposto Eléctrico (IE) e o do Importo sobre o Valor Engadido (IVE) que deba ser repercutido.

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Establécense os seguintes criterios de valoración, todos eles de carácter automático, cuxa valoración depende da aplicación de fórmulas matemáticas:

Criterio de adxudicación	Tipo de valoración	Puntuación	Ponderación
Oferta económica	Automática	Puntuación De 0 a 90 puntos	90%
Porcentaxe de electricidade subministrada procedente de fontes renovables ou coxeración de alto rendemento	Automática	De 0 a 10 puntos	10%
Puntuación máxima que se pode alcanzar			100 puntos

1. Criterio de puntuación da oferta económica:

Asignaranse 90 puntos da seguinte forma:

- Será puntuada con 90 puntos, a oferta válida que presente a maior baixada sobre o importe tipo de licitación.
- Serán puntuadas con 0 puntos, aquelas ofertas que coincidan co importe tipo da licitación.
- Asignaranse puntuacións intermedias proporcionais a aquelas ofertas que se atopen entre o importe tipo da licitación e a oferta válida que presente maior baixada sobre este custo.

Fórmulas matemáticas para o criterio de adxudicación da oferta económica:

Para asignar as puntuacións relativas á “oferta económica” aplicarase a seguinte fórmula matemática:

$$PB_i = (BO_i / BMAX) \times 90$$

Onde BO_i é o valor da baixa ofertada sobre o importe tipo da licitación pola empresa da que se quere coñecer a puntuación e $BMAX$ é o valor da baixa máxima entre todas as empresas admitidas.

2. Criterio da porcentaxe de electricidade subministrada procedente de fontes renovables ou coxeración de alto rendemento:

Asignarase a maior puntuación á proposición con maior porcentaxe ofertada (indicado en tanto por cento) de electricidade subministrada procedente de fontes renovables ou de coxeración de alto rendemento, con garantía de orixe acreditada pola CNMC, tal e como se definen na Directiva 2009/28/CE e na Directiva 2004/8/CE, respectivamente. Para o cal, a empresa que resulte finalmente adxudicataria presentará no momento en que dispoña dela, certificación de procedencia da enerxía subministrada emitida pola CNMC de acordo coa Orde ITC 1522/2007, que garante o cumprimento desta condición, que se clasifica así mesmo como Condición Esencial, aos efectos sinalados no artigo 211.f) LCSP, polo que o seu incumprimento constituirá causa de resolución do contrato. O licitador presentará na súa oferta declaración responsable na que se compromete formalmente a que a porcentaxe de enerxía ofertada durante a totalidade da duración do contrato, procederá de fontes de enerxía renovables ou de coxeración de alto rendemento.

Os criterios de puntuación deste criterio serán os seguintes:

- Será puntuada con 10 puntos, a proposición con maior porcentaxe ofertada de electricidade subministrada procedente de fontes renovables ou de coxeración de alto rendemento ata un máximo de 100%.
- Serán puntuadas con 0 puntos, aquelas proposición que non oferten electricidade subministrada procedente de fontes renovables ou de coxeración de alto rendemento.
- Asignaranse puntuacións intermedias proporcionais, aos restantes licitadores.

Fórmula matemática para este criterio de adxudicación:

Para asignar as puntuacións relativas ao criterio de adxudicación “oferta relativa a fontes renovables ou coxeración de alto rendemento” aplicarase a seguinte fórmula matemática:

$$PPi = (POi / PMAX) \times 10$$

Prego de Prescricións Técnicas Particulares

Onde POi é o valor da porcentaxe ofertada pola empresa da que se quere coñecer a puntuación e PMAX ó o valor máximo da porcentaxe ofertada entre todas as empresas admitidas.

ANEXO I: MODELO DE OFERTA

D./D.^a....., con DNI N^o, domiciliado para todos os actos deste procedemento aberto en, rúa, N^o, obrando en nome de, con NIF N^o, consciente dos pregos de condicións aprobados pola agrupación dos Concellos de Campo Lameiro, Portas e Moraña para contratar a subministración de enerxía eléctrica aos centros de consumo pertencentes aos Concellos de Campo Lameiro, Portas e Moraña, obrígase a cumprir dito contrato polos seguintes prezos:

A oferta é a seguinte, en euros (€) e cunha precisión de dous decimais.

Oferta sen impostos€
Imposto eléctrico€
IVE€
Total oferta€

Esta oferta foi calculada conforme ao establecido no prego prescricións técnicas particulares, sendo os factores CXi (Costes de Xestión) ofertados os seguintes, con unha precisión de 6 decimais:

CX1 (de aplicación ao Bloque 1)€/kWh
CX2 (de aplicación ao Bloque 2)€/kWh
CX3 (de aplicación ao Bloque 3)€/kWh

A porcentaxe ofertada de electricidade subministrada procedente de fontes renovables ou de coxeración de alto rendemento, con garantía de orixe acreditada pola CNMC, tal e como se definen na Directiva 2009/28/CE e na Directiva 2004/8/CE é de% (indicado en tanto por cento).

Lugar, data e firma do licitador

ANEXO II: LISTADO DE SUBMINISTRACIONES

A continuación, móstranse os parámetros técnicos resumo dos puntos de subministración incluídos no contrato, que se dividen en 3 bloques a fin de facilitar a composición da oferta polos licitadores:

- Bloque 1

Tensión	Nº de subministracións	Tarifa	Rango de potencia a contratar	Consumo total (kWh)
V < 1kV Baixa tensión	161	2.0 TD	P ≤ 10kW	1.228.540
Potencia total a contratar Punta (kW)	Potencia total a contratar Val (kW)	Consumo anual estimado P1 Punta (kWh)	Consumo anual estimado P2 Chá (kWh)	Consumo anual estimado P3 Val (kWh)
650,883	650,883	184.380,39	210.901,05	833.259,03

- Bloque 2

Tensión	Nº de subministracións	Tarifa	Rango de potencia a contratar	Consumo total (kWh)
V < 1kV Baixa tensión	10	2.0 TD	10kW < P P ≤ 15kW	146.635
Potencia total a contratar Punta (kW)	Potencia total a contratar Val (kW)	Consumo anual estimado P1 Punta (kWh)	Consumo anual estimado P2 Chá (kWh)	Consumo anual estimado P3 Val (kWh)
122,656	122,656	32.920,85	29.286,44	84.427,99

- Bloque 3

Prego de Prescrições Técnicas Particulares

Tensión	Nº de subministracións	Tarifa	Rango de potencia a contratar	Consumo total (kWh)		
V < 1kV Baixa tensión	16	3.0 TD	P > 15kW	726.659		
